

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación realizarase segundo os seguintes criterios:

- ◆ Os **exames** (probos escritos). En cada avaliación haberá, en principio, dous exames, valorados sobre 10 puntos cada un, que **constarán do cuestións teóricas diversas** (preguntas de exposición de variada extensión, de relacionar, de definir ou achegar o termo dunhas definicións dadas, de situar cronoloxicamente e/ou tipo test) e **prácticas** (comentario de textos, mapas históricos, gráficas, imaxes de carteis, de debuxos, fotografías, etc). A puntuación máxima de cada pregunta figurará na folla do exame. Na cualificación dos exames **valorarase** non só **o coñecemento teórico** da materia senón tamén **a capacidade de relación, de conclusión, de expresión, o uso correcto do vocabulario** propio da materia e **o respecto ás normas ortográficas** (cada falta de ortografía restará 0,10 puntos, o máximo a descontar por faltas ortográficas é de 2 puntos), **gramaticais e de presentación**.
- ◆ As **actividades didácticas** realizadas tanto na clase (debates, respostas a cuestións propostas, preguntas para aclarar dúbidas ou do seu interese sobre algún aspecto histórico, etc.) como na casa (presentación de comentarios, traballos, pódcasts, etc.). A participación en clase será positiva, pero terase en conta que, por inseguridade ou timidez, a algunhas persoas lles costa falar en público.

Os **criterios de cualificación** serán os seguintes:

- ◆ Os **exames**. A media aritmética das probas escritas realizadas durante o período a avaliar ponderarán o **80%** na nota da avaliación.
- ◆ O **traballo na aula e as actividades e proxectos deseñados para a elaboración fóra do horario escolar** ponderará o **20%** da nota da avaliación.

Se a nota obtida na avaliación é inferior a cinco (5), o alumno/a terá que presentarse ó **exame de recuperación** dos contidos vistos durante o trimestre (non haberá recuperacións por exames, agás en casos extraordinarios que o xustifiquen a xuízo da profesora), que terá as mesmas características e valoración que os xa realizados.

A final de curso, o alumnado que teña unha avaliación cunha nota inferior ou igual a tres (3) terá unha nova recuperación, pero o alumnado que teña unha avaliación cun catro (4) e a media coas outras dúas dea unha nota igual ou superior a cinco (5) terá superada a materia. **Os alumnos/as que teñan dúas ou tres avaliacións suspensas terán un exame final** de todos os contidos vistos durante o curso.

A nota da avaliación ordinaria de xuño será a media aritmética das tres avaliacións, redondeándose por aproximación e tendo en conta a evolución do alumno ó longo do curso.

O alumnado que suspenda en xuño terá que presentarse o exame da convocatoria extraordinaria, no que entrarán todos os contidos vistos durante o curso e terá as mesmas características que o exame final de xuño.

ADVERTENCIA:

Se un alumno/a non comparece a un exame debe presentar un xustificante oficial para que se lle realice outro día a proba. **De non ser así, entenderase que declina no seu dereito a ser examinado e será cualificado cun cero nese exame.** **Se a falta está debidamente xustificada realizarase, se é posible, o exame noutra data, e se non fose posible fariase un exame oral a través de videoconferencia.** **Se se decretase o confinamento total e non se puidese pospoñer o exame, este realizaríase tipo test a través da Aula Virtual.**

Se un alumno/a, sen causa xustificada, chega tarde a un exame disporá só do tempo que reste para a finalización do mesmo. E se no exame final de maio/xuño ou no da convocatoria extraordinaria non se presenta á hora establecida, non se lle realizará outro.

Se un alumno/a introduce folios xa escritos (cambiado) ou é sorprendido copiando no exame (xa sexa do libro, apuntamentos, *chuletas* ou mediante o móbil, reloxo...), **se lle retirará o exame**, que será cualificado cun cero, e terá que volver examinarse cando proceda (recuperación, xuño ou convocatoria extraordinaria).